

popular, asinada neste caso por unha muller labrega, sen instrución, mais unha muller creadora, dotada da sabedoría tradicional de que son boa mostra moitas galegas ao longo da historia. Na altura en que Lisardo Barreiro se entrevistou con ela (1885) tiña 76 anos.

AÑÓN, Nicolasa. Poeta. Sábese da súa existencia a través do noiés Lisardo Barreiro que no seu libro *Esbozos y siluetas de un viaje por Galicia* fala do encontro coa escritora popular en Boel, perto da Serra de Outes, ocupada nos traballos agrícolas. Grazas ás anotacións do cronista, consérvanse dúas mostras da súa produción, publicadas no libro citado: un poema escrito con motivo do recibimento e agasallos tributados ao rei Afonso XII, na súa primeira visita a Santiago, “Disque ven o noso rei”, e outro dedicado ao seu irmán, o malogrado poeta outense, “¡Quen me dera ir a Madril”, unha inspirada elexía que provoca esta reflexión de Lisardo Barreiro: “Quien con tal sentimiento escribe, sin que nadie le haya enseñado nada, bien merece el título de poeta”. Son poemas que conservan a frescura e espontaneidade da poesía